



ACTA DA ASEMBLEA XERAL EXTRAORDINARIA DA FEDERACIÓN GALEGA DE MONTAÑISMO CELEBRADA EN VIGO, NA CASA DO DEPORTE, SEDE DAS FEDERACIÓNS DEPORTIVAS, O DÍA 18 DE DECEMBRO 2021.

ASISTENTES

PRESIDENTE DA FGM

Adolfo Puch Domínguez

Árbitros

Freixeiro López, Xosé Lois

Leirós Gutiérrez, Raúl

Deportistas

Expósito Alonso, Jesús

Faro Fortes, Xosé Lois

Fernández Rey, Fernando

López Pérez, Sechu

Maestu Almeida, Josefina

Merino Encinas, José Miguel

Rodríguez Pequeño, Ignacio

Vázquez Fariña, Gustavo

CLUBES

PRESIDENTE / REPRESENTANTE

Clube Peña Trevinca Montañeiros de Galicia

Carlos Garrido Costas

Club Montaña Ferrol

Xan Ramirez Gómez

Club Montañeiros Celtas

Carmen Pérez Orge

Aviva Sport Club

Roberto Carril Comesaña

Clube de Montaña Xistra

Xosé Henrique Freixeiro Cameselle

Club Peña Trevinca Barco

José Miguel de la Cal González

Clube Montaña Ribeira Sacra

Xosé Antón Vázquez Pérez

Asociación Os Sendeiros de Foz

Roberto Morís Fernández

XUNTA DIRECTIVA E PERSONAL TÉCNICO

Evaristo Fandiño Pérez

Tesoureiro

José Manuel Pérez Prego

Director Técnico da F.G.M.

Katía Sanz Ochoa

Directora da E.G.A.M.

ORDE DO DÍA

- 1.º Lectura e aprobación da acta anterior.
- 2.º Orzamentos para o ano 2022.
- 3.º Calendario de Actividades para o ano 2022.
- 4.º Prezos das Licencias Deportivas para o ano 2022.
- 5.º Rogos e preguntas.

Apertura da Asamblea

En segunda convocatoria, tras uns minutos de cortesía sobre a hora fixada (10:30 h), ás 10:39 h dá comezo a Asamblea Extraordinaria. O Presidente D. Adolfo Puch dá a benvinda ós asistentes e indica que ante a ausencia do Sr. Secretario Xeral da FGM exerce de secretario na asamblea o Vicepresidente da Área Económica Sr. Merino.



Como cuestión previa a Sra. Maestu manifesta a súa queixa polos poucos días de antelación con que se enviou a documentación para a Asamblea esgrimindo a *Resolución do 8 de setembro de 2009, da Secretaría Xeral para o Deporte, pola que se ditan as Normas de bo goberno das Federacións deportivas de Galicia*. Nas normas recollidas no anexo de dita resolución establécese con “carácter de recomendación” (punto primeiro) “remitir aos membros da Asamblea Xeral, polo menos cunha semana de antelación á realización das reunións, copia de tanta documentación contable sustente a xestión da federación” (punto cuarto). O Sr. Garrido tamén comparte a queixa por recibir con pouca antelación a documentación e recorda a importancia do grao de cumprimento das referidas Normas de bo goberno aos efectos do baremo para a obtención de subvencións. En resposta o Sr. Puch pide desculpas alegando complicacións no proceso de elaboración da documentación que como resultado produciron un atraso no seu envío.

1.º Lectura e aprobación da acta anterior.

Dado que a acta anterior da reunión celebrada o 12 de xuño de 2021 foi remitida por correo electrónico consúltase se se procede á súa lectura. Por asentimento os asistentes manifestan a vontade de que se proceda a lectura, que leva a cabo o Sr. Merino.

Tras a lectura advírtese un erro material ao aparecer que a hora de comezo foron as 20:00 h en segunda convocatoria. Revisado este extremo comprobouse que o correcto é que a segunda convocatoria da Asamblea do 12 de xuño tivo lugar ás 11:00 h.

A Sra. Maestu di non ver recollida no apartado de rogos e preguntas a súa intervención sobre cuestións relativas á sinistralidade e á falta da publicación de regulamentos na web da FGM así como da actualización do apartado de transparencia.

O Sr. Garrido di non ver recollida a súa pregunta polas xestións coa Xunta de Galicia.

Feitas as anteriores puntualizacións procedese a votar a aprobación da acta co resultado de 11 votos a favor, 3 en contra e 5 abstencións.

Alteración da orde dos puntos da orde do día

A proposta de varios assembleístas alterase por asentimento a orde dos puntos da orde de día co argumento de resultar máis lóxico, comezar co punto dos prezos das licencias antes da aprobación do orzamento. O Sr. Fernández Rey comenta que en realidade todo afecta ao presuposto.

2.º (4.º na convocatoria) Prezos das Licencias Deportivas para o ano 2022.

O Sr. Presidente fai unha exposición na que comenta as xestións mantidas coas compañías aseguradoras. En particular resalta que a proposta de Generali era máis cara. Que non hai moitas compañías dispostas a asegurar, como en particular é o caso de Zurich. Coa actual compañía Mapfre hai cobertura e está a atender correctamente. Ademais ofertou ter un número de teléfono de atención en exclusiva e a posibilidade de beneficiarse de descontos nalgúns establecementos comerciais.

Fai fincapé tamén en que a FGM non negocia soa se non en conxunto con outras federacións autonómicas, o que supón unha masa social da orde das 80.000 licencias, e que nos dous últimos anos conxelaron a prima.

Por outra banda comenta que durante a pandemia a pesar da cancelación de moitas actividades organizadas seguiron producíndose sinistros.

A Sra. Maestu pide coñecer o informe de sinistralidade e o número de licencias por modalidade en 2021, así como o detalle de tres ofertas consultadas coas aseguradoras.

Como novidade na proposta enviada aos assembleístas aparece a Licencia Autonómica con cobertura estatal. Tras un debate acórdase someter a votacións as seguintes tres opcións:



- a) Licencia autonómica con cobertura en Galicia. *Resultado de 11 votos a favor.*
 - b) Licencia autonómica con cobertura estatal. *Ningún voto a favor.*
 - c) Licencia autonómica con cobertura a elixir (Galicia/estatal). *Resultado de 7 votos a favor.*
- *Houbo un voto abstencionista.*

Resulta elixida a opción a) con 11 votos a favor.

A continuación procédese á votación dos prezos das licencias para 2022 segundo a proposta enviada e feita a anterior modificación, quedando aprobada co resultado de 14 votos a favor, 3 en contra e 2 abstencións.

3.º Calendario de Actividades para o ano 2022.

O Sr. Presidente fai un comentario xeral sobre a proposta de calendario de actividades. En particular o vogal de carreiras por montaña advirte que hai probas pendentes de concretar que no seu caso serán incluídas nunha posterior modificación.

Respecto ás actividades tradicionais propónse os seguintes clubs organizadores:

- Día do Sendeirista - Clube Montañeiros Celtas
- Marcha galega de veteranos - Clube Peña Trevinca Montañeiros de Galicia
- Travesía galega por montaña – Club Alpino Ourense
- Percorrido esquí de travesía e raquetas - Clube Montañeiros Celtas
- Descenso de barrancos - Clube Montaña Xistra

A Sra. Maestu propón que de cara ó seguinte ano fágase unha convocatoria para as actividades tradicionais facilitando aos clubs a posibilidade de ofrecer a súa candidatura como organizadores.

O Sr. Fernández Rey comenta a conveniencia de en diante separar en dúas actividades independentes o percorrido de esquí de travesía e o percorrido de raquetas.

Sométese a votación a proposta de calendario de actividades para o ano 2022 coa expectativa de posterior modificación no sentido de engadir novas probas e eventos pendentes de concretar no momento da Asamblea e matizar datas (en particular as dos cursos da EGAM), quedando aprobado por unanimidade.

4.º (2.º na convocatoria) Orzamentos para o ano 2022.

O Sr. Tesoureiro fai unha exposición da proposta de orzamento.

A Sra. Maestu comenta a conveniencia da adquisición dun kit de velocidade para escalada.

Sometese a votación o orzamento para o ano para 2022 quedando aprobado co resultado de 12 votos a favor, ningún voto en contra e 6 abstencións.

5.º Rogos e preguntas.

O Sr. Freixeiro López comenta a conveniencia de ter a web da FGM ao día, en particular a información do estado dos sendeiros homologados.

O Sr. Carril roga que se actualice a web da FGM coa información das licencias e os datos dos clubs.

A Sra. Maestu roga:

- Que se envíe a documentación segundo a Resolución de 8 de setembro de 2009.
- Que se celebren os Campionatos Galegos de Escalada en todas as categorías.
- Que se inclúa a escalada no programa “Xogade”.
- Que se celebre o Campionato Galego de Velocidade (será olímpico en París 2024).



- Que se adquira un kit de velocidade para escalada.
- Que se solicite a subvención para material.
- Que os datos de contacto dos clubs se publíquen na web.
- Que se cumpra coa lei de transparencia e o Anexo VI do convenio.

O Sr. Freixeiro Cameselle roga que se actualice a web da FGM coas últimas contas aprobadas e comenta que a información dos sendeiros xestionada por Turgalicia ten un desfase respecto ós últimos sendeiros homologados.

O Sr. De la Cal comenta a situación do refuxio de Fonte da Cova tras cumprirse os 30 de concesión ó Club Peña Trevinca O Barco.

O Sr. Fernández Rey comenta:

- Que na FEDME estase a traballar nunha plataforma informática propia.
 - Que no Club Celtas non se organizan actividades de escalada en idade escolar por falta de rocódromo en Vigo.
- E roga que se colabore coa FEDME na negociación coa aseguradora para o ano 2023.

Dase por concluída a Asamblea Xeral Extraordinaria ás 14:25 h.

Adolfo Puch Domínguez
Presidente

José Miguel Merino Encinas
Secretario Accidental

Manuel Domínguez Iglesias
Secretario Xeral